



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROCESO DE SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) TÉCNICO DE APOIO AO TÉCNICO DE DEPORTES, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, SUBVENCÍONS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL. (EXPDTE. 2025/E001/000007).

CONSTITUCIÓN TRIBUNAL. PRIMEIRA E ÚNICA PROBA: Casos Prácticos.

En Ordes, 20 de novembro de 2025, sendo as 09.30 horas, reúnese na Sala de Xuntas, na 3ª pranta da Casa Consistorial (rúa Alfonso Senra, Ordes), o Tribunal que ha de xulgar o **PROCESO DE SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) TÉCNICO DE APOIO AO TÉCNICO DE DEPORTES, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, SUBVENCÍONS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL. (EXPDTE. 2025/E001/000007)**, convocado por resolución da Alcaldía nº 1569/2025, de data 04/11/2025, que aproba dita convocatoria e as bases reguladoras do proceso de selección, modificadas estas posteriormente por resolución de data 11/11/2025 (expediente 2025/G003/001632).

Asisten:

- **Presidente:** Pilar Rey Rodís, Funcionaria de Administración Local. Escala de Administración Xeral. Subescala de Xestión.

- Vogais:

Marcos Gándara Costa, Funcionario de Administración Local. Escala de Administración Xeral. Subescala de Xestión.

Yolanda Cela Villaverde, Funcionaria de Administración Local. Escala de Administración Xeral. Subescala de Xestión.

Rocío Varela Rodríguez, Funcionaria de Administración Local. Escala de Administración Xeral. Subescala de Xestión.

- **Secretario:** José Alberto Moar Tobío, Funcionario de Administración Local. Escala de Administración Xeral. Subescala de Xestión.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal.

O Tribunal, de conformidade ca base 7ª do proceso ((Inicio e Desenvolvemento do proceso selectivo), acorda que a proba práctica, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todos/as os/as aspirantes e que posteriormente deberán ler ante o Tribunal, consista na resolución dun único caso práctico.

Segundo dita Base, a proba pretende avaliar o nivel de coñecementos prácticos que teñen os aspirantes *"no campo da área de deportes coa que conta esta entidade local para contribuír a levar a actividade físico deportiva a todos os cidadáns e garantir o pleno aproveitamento social das súas instalacións deportivas"*.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A continuación o Tribunal procede á elaboración do referido caso práctico.

Posteriormente o Tribunal ten coñecemento de que, por causas imprevistas, a proba non pode celebrarse no lugar sinalado nas bases do proceso selectivo, polo que se acorda realizala nun despacho da 3ª pranta da Casa Consistorial.

Ás 10.00 horas o Tribunal procede co acto de realización da proba, para o cal os aspirantes, de conformidade ca base 7ª, disporán dun tempo máximo de 50 minutos e será cualificada de 0 a 10 puntos, debendo acadar un mínimo de 5 puntos para non resultar eliminados

Seguidamente, efectúase o chamamento dos aspirantes admitidos definitivamente no proceso selectivo, co resultado seguinte:

ASPIRANTE	DNI	COMPARECE
LÓPEZ GARCÍA, CRISTINA	***9352**	SI

Unha vez rematada a proba, o Tribunal procede a realizar a avaliación da mesma, acordando outorgar as seguintes puntuacións provisionais:

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN
LÓPEZ GARCÍA, CRISTINA	6

Conforme ó disposto na base 7ª do proceso selectivo, os aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles, desde o día seguinte á publicación do resultado da cualificación desta proba, para presentar alegacións e solicitar a súa revisión.

E non sendo outro obxecto desta reunión, sendo as 11:25 horas do día ó principio sinalado, dáse por rematado o acto, dispoñendo a presidencia que se redacte a presente acta e se publique na paxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ordes.

RECURSOS: Por tratarse dun acto de trámite (art. 112.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro), non cabe recurso en vía administrativa.

En Ordes, na data da sinatura electrónica.

A Presidenta,
Pilar Rey Rodis

O Secretario,
José Alberto Moar Tobío.